

VII
FESTIVAL
DE MÚSICAS
CONTEMPLATIVAS



21/31
MARZO
2013

SANTIAGO DE
COMPOSTELA
SEMANA SANTA

VII FESTIVAL DE MÚSICAS CONTEMPLATIVAS

21/31 | SANTIAGO DE
MARZO | COMPOSTELA
2013 | SEMANA SANTA



Agradecementos:

- D. Elisardo Temperán, Canciller do Acebispado de Santiago de Compostela
- D. Santiago Ferreiro, Igrexas de Santa María do Camiño, Ánimas e San Bieito
- D. Carlos Álvarez Varela, Reitor do Seminario Maior Compostelán
- D. Francico Castro, Reitor do Convento de San Francisco
- D. Manuel Pérez, Igrexa de Santa María de Conxo
- D. Miguel Botana, Igrexa de San Fiz de Solovio
- D. José Porto, Colexiata de Santa María de Sar
- D. Juan José García, Igrexa de San Fructuoso
- D. Carlos García Martínez, Director do Museo do Pobo Galego
- D. Francisco Durán, Vicerreitor de Cultura da Universidade de Santiago
- D. Julio Castro, Director do Parador Hostal dos Reis Católicos



Auditorio de Galicia

21 marzo, 21 h

Real Filharmonía de Galicia
The Sixteen coro
Harry Christophers director

Santa María do Camiño

22 marzo, 19:30 h

Jiri Bárta violoncello

Igrexa da Universidade

22 marzo, 22 h

Jiri Bárta violoncello
Milan Svoboda piano

San Martiño Pinario

23 de marzo, 19:30 h

Coro Novo e Nenos Cantores da
Sinfónica de Galicia

San Francisco

23 marzo, 21:30 h

Los caminos de Serkeci

Santa María de Conxo

24 de marzo, 19:30 h

Real Filharmonía de Galicia
Maximino Zumalave director

San Fiz de Solovio

24 de marzo, 21:30 h

Ars Atlántica

Igrexa das Ánimas

25 de marzo, 19:30 h

Accademia del Piacere

Igrexa da Universidade

25 de marzo, 21:30 h

Grupo instrumental Siglo XX

San Domingos de Bonaval

26 de marzo, 20:30 h

Zéfiro Baroque Orchestra

Colexiata de Sar

27 de marzo, 20 h

Eloqventia

San Bieito

27 de marzo, 22 h

Grupo de cámara da Real Filharmonía:
Trio de cordas

San Domingos de Bonaval

28 de marzo, 21 h

Divna Ljubojevic e Coro Melódi

San Frutuoso

29 de marzo, 20 h

Grupo de cámara da Sinfónica de
Galicia: Cuarteto Atlántico

Igrexa da Universidade

29 de marzo, 22 h

Il Cuncordu d'Orosei

Igrexa das Ánimas

30 de marzo, 20 h

Resonet

Igrexa da Universidade

30 de marzo, 22 h

Neopercusión

Auditorio de Galicia

31 de marzo, 20 h

Orquestra Nova
da Sinfónica de Galicia
Orquestra de Nenos
da Sinfónica de Galicia
Diego García Rodríguez director

Entrada gratuita*

Previa recollida de invitación na billeteira do Teatro Principal:

ata o 19 de marzo: 18-21h, de martes a sábado

a partir do 20 de marzo: 12-14h e 17-19h

1 hora antes do inicio de cada concerto no lugar de celebración do mesmo

*excepto Auditorio de Galicia: 21 marzo (15 euros) e 31 marzo (3 euros)



Santiago de Compostela é unha cidade de encontros, cunha inmensa riqueza patrimonial. Unha parte inseparable da súa monumentalidade é a música, que neste Festival de Músicas Contemplativas alcanza unha simbiose única: música e patrimonio que se dan a man para abrir camiños e diálogos entre pobos e culturas.

As igrexas da nosa Compostela vella servirán de escenario a concertos de grupos procedentes de diferentes rexións europeas, sen faltar a presenza dos nosos artistas galegos. Unha programación que se suma aos actos propios da Semana Santa na nosa cidade, coa presenza das súas confrarías e procesións.

O Concello de Santiago, en colaboración co Consorcio da cidade e co apoio do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, aposta pola cultura para poñer en valor, aínda máis, a cidade de Santiago, que nestes días acolle a veciños e a visitantes nas súas rúas e prazas.

Gocemos do noso patrimonio e da boa música abrindo as portas destes auténticos espazos de reflexión para que, escoitando e contemplando, sexamos quen de descubrir os lazos que nos unen como persoas.

Santiago de Compostela es una ciudad de encuentros, con una inmensa riqueza patrimonial. Una parte inseparable de su monumentalidad es la música, que en este Festival de Músicas Contemplativas alcanza una simbiosis única: música y patrimonio que se dan la mano para abrir caminos y diálogos entre pueblos y culturas.

Las iglesias de nuestra Compostela vieja servirán de escenario a conciertos de grupos procedentes de diferentes regiones europeas, sin faltar la presencia de nuestros artistas gallegos. Una programación que se suma a los actos propios de la Semana Santa en nuestra ciudad, con la presencia de sus cofradías y procesiones.

El Ayuntamiento de Santiago, en colaboración con el Consorcio de la ciudad y con el apoyo del Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, apuesta por la cultura para poner en valor, aun más, la ciudad de Santiago, que en estos días acoge a vecinos y a visitantes en sus calles y plazas.

Disfrutemos de nuestro patrimonio y de la buena música abriendo las puertas de estos auténticos espacios de reflexión para que, escuchando y contemplando, seamos capaces de descubrir los lazos que nos unen como personas.

Ángel Currás Fernández
Alcalde de Santiago de Compostela
Presidente do Consorcio de Santiago



Hostal dos Reis Católicos
venres 15 marzo
20.30 h



Concerto de presentación

Grupos de Cámara da Escola de Altos Estudos Musicais



DÚO DE TROMPETA E PERCUSIÓN

Víctor Vilaríño

trompeta

M^a Isabel Diego

percusión

José Vicente Faus

profesor

James M. Stephenson (1969)

Viñetas para trompeta e percusión

Running with Lionel

Chasing Igor

Chuck's march

Dinner with Andre

Waltz in Berlin

MAX

ENCORE: *Withe on white*

CUARTETO DE CORDA

Angelike Casdas

violín

Ângela Neto

violín

Sara Olianas

viola

Laura Algueró

violoncello

Grigori Nedobora

profesor

Franz Schubert (1797-1828)

Quartettsatz en do menor D. 703

Allegro assai

Anton von Webern (1883-1945)

Langsamere Satz

QUINTETO DE VENTO

Mercedes Schmidt

flauta

Marc Borrás

óboe

Paloma Pinto

clarinete

Antonio Gómez

fagot

Javier González

trompa

Beatriz López

profesora

Franz Danzi (1763-1826)

Quinteto para ventos en sol menor,
op. 56 núm. 2

Allegretto

Andante

Menuetto

Allegretto

QUINTETO DE CORDA

Clara Badía

violín

Paula Colás

violín

Ana Montoro

viola

Guillermo Alzugaray

violoncello

Tamara Moreno

contrabaixo

James Dahlgren

profesor

Paul Hindemith (1895-1963)

Quinteto de corda, op. 44 núm. 3

Lebhaft

Massig schnell. Munter

Antonin Dvorák (1841-1904)

Quinteto de corda núm. 2 en Sol
maior, op. 77

Poco Andante

Finale

Composta en 2005 para o trompetista Eric Berlin e o percusionista Eduardo Leandro con motivo do Congreso da Asociación Internacional de Trompeta celebrado en Bangkok. As pezas das Viñetas están dispostas na orde en que foron creadas pero o propio James M. Stephenson (1969) indica: “Deixo a decisión en mans do intérprete para organizalas segundo a súa preferencia. Tamén as imaxino como varias suites breves que poderían ser independentes, segundo o criterio do intérprete”.

O movemento para cuarteto de corda *Quartettsatz en do menor, D. 703* foi composto por Franz Schubert (1797-1828) en decembro de 1820 como primeiro movemento, *allegro assai*, dun *Cuarteto de corda núm. 12* que nunca completou. Sombriño, de profunda intensidade e con tinguiduras dramáticas, o *Quartettsatz* foi o precursor dos últimos cuartetos de corda do compositor, que anticipa a madurez do autor no campo instrumental camerístico. Estreouse en Viena en 1867.

Anton von Webern (1883-1945) compuxo este *Langsamer Satz* (movemento lento para cuarteto de corda) en 1905, cando o autor levaba un ano de traballo co seu mestre Schoenberg, aínda que nunca o recoñeceu como parte do seu catálogo. A estrea realizouse en 1962 dentro do I Festival Internacional Webern de Seattle sobre unha partitura editada a partir dun manuscrito filmado en 1961. A obra é unha extraordinaria peza académica, escrita con soltura, que mostra a influencia dos seus admirados Brahms, Mahler e Schoenberg pero exhibe algúns trazos do compositor xa maduro.

Franz Danzi (1763-1826) viviu entre o Clasicismo e o Romanticismo, coñeceu a Mozart e Beethoven, foi difusor da música de Weber e é lembrado polas súas obras para instrumentos de vento, sobre todo polos seus coloridos nove quintetos op. 56, 67 e 68. O tres *Quintetos* op. 56, o primeiro editado en 1821, están dedicados a Antoine Reicha (primeiro compositor que escribiu para esta formación), e seguen o esquema compositivo de este: rápido con forma sonata, lento, scherzo ou menuetto e final. Nas súas partituras, Danzi mantén o gusto polo equilibrio, a claridade, o uso das combinacións instrumentais e a nitidez nas seccións e velocidades.

Entre 1926 e 1929, baixo o termo *Gebrauchsmusik*, Paul Hindemith (1895-1963) reuniu unha serie de obras educativas destinadas a mellorar a valoración da música contemporánea entre os estudantes e afeccionados. Máis que unha simple argucia compositiva ou unha estratexia de mercadotecnia foi un principio básico da súa filosofía artística. Entre as partituras editadas atópase a op. 44 baixo o título xenérico *Música educativa para conxuntos instrumentais*.

O *Quinteto de cordas núm. 2 en Sol maior, op. 77* foi escrito por Antonin Dvořák (1841-1904) durante a súa estada nos Estados Unidos. Estreada en 1875, a partitura está influenciada pola música folclórica da súa Bohemia natal (incluíndo a *dumka* eslava e unha danza tipicamente morava) e os cantos espirituais negros americanos.

Escola de Altos Estudos Musicais

Xestionada polo Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela, comezou a súa andaina no ano 1998 da man da Real Filharmonía de Galicia. Xurdiu co obxectivo de formar os futuros profesionais da música aproveitando o potencial pedagóxico da orquestra e dos seus músicos altamente cualificados. Para promover este aspecto a Escola, en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, creou o Curso avanzado de especialización orquestral dirixido a todos aqueles estudantes que despois de finalizar os seus estudos, teñan como meta adquirir a experiencia necesaria para integrarse nunha orquestra profesional. Ademais da práctica regular dos alumnos nos programas de abono da RFG, o curso organiza ciclos de cámara periódicos onde os estudantes demostran diante do público a súa musicalidade e profesionalidade.



Compuesta en 2005 para el trompetista Eric Berlin y el percusionista Eduardo Leandro con motivo del Congreso de la Asociación Internacional de Trompeta celebrado en Bangkok. Las piezas de las Viñetas están dispuestas en el orden en que fueron creadas pero el propio James M. Stephenson (1969) indica: “Dejo la decisión en manos del intérprete para organizarlas según su preferencia. También me las imagino como varias suites breves que podrían ser independientes, según el criterio del intérprete”.

El Movimiento para cuarteto de cuerda *Quartettsatz en do menor, D. 703* fue compuesto por Franz Schubert (1797-1828) en diciembre de 1820 como primer movimiento, *Allegro assai*, de un *Cuarteto de cuerda núm. 12* que nunca completó. Sombrio, de profunda intensidad y con tintes dramáticos, el *Quartettsatz* fue el precursor de los últimos cuartetos de cuerda del compositor, que anticipa la madurez del autor en el campo instrumental camerístico. Se estrenó en Viena en 1867.

Anton von Webern (1883-1945) compuso este *Langsamer Satz* (movimiento lento para cuarteto de cuerda) en 1905, cuando el autor llevaba un año de trabajo con su maestro Schoenberg, aunque nunca lo reconoció como parte de su catálogo. El estreno se realizó en 1962 dentro del I Festival Internacional Webern de Seattle sobre una partitura editada a partir de un manuscrito filmado en 1961. La obra es una extraordinaria pieza académica, escrita con soltura, que muestra la influencia de sus admirados Brahms, Mahler y Schoenberg pero exhibe algunos rasgos del compositor ya maduro.

Franz Danzi vivió entre el Clasicismo y el Romanticismo, conoció a Mozart y Beethoven, fue difusor de la música de Weber y es recordado por sus obras para instrumentos de vientos, sobre todo por sus coloridos nueve quintetos op. 56, 67 y 68. Los tres *Quintetos op. 56*, el primero editado en 1821, están dedicados a Antoine Reicha (primer compositor que escribió para esta formación), y siguen el esquema compositivo de este: rápido con forma sonata, lento, scherzo o menuetto y final. En sus partituras, Danzi mantiene el gusto por el equilibrio, la claridad, el uso de las combinaciones instrumentales y la nitidez en las secciones y velocidades.

Entre 1926 y 1929, bajo el término *Gebrauchsmusik*, Paul Hindemith (1895-1963) reunió una serie de obras educativas destinadas a mejorar la valoración de la música contemporánea entre los estudiantes y aficionados. Más que un simple ardid compositivo o una estrategia de marketing fue un principio básico de su filosofía artística. Entre las partituras editadas se encuentra la op. 44 bajo el título genérico *Música Educativa para conjuntos instrumentales*.

El Quinteto de cuerdas núm. 2 en Sol mayor, op. 77 fue escrito por Antonin Dvorák (1841-1904) durante su estancia en los Estados Unidos. Estrenado en 1875, la partitura está influida por la música folclórica de su Bohemia natal (incluyendo la ‘*dumka*’ eslava y una danza típicamente morava) y los cantos espirituales negros americanos.

Escuela de Altos Estudios Musicais

Gestionada por el Consorcio de la Ciudad de Santiago de Compostela, comenzó su andadura en el año 1998 de la mano de la Real Filharmonía de Galicia. Surgió con el objetivo de formar a los futuros profesionales de la música aprovechando el potencial pedagógico de la orquesta y de sus músicos altamente cualificados. Para promover este aspecto la Escuela, en colaboración con la Universidad de Santiago de Compostela, creó el Curso Avanzado de Especialización Orquestral dirigido a todos aquellos estudiantes que después de finalizar sus estudios, tengan como meta adquirir la experiencia necesaria para integrarse en una orquesta profesional. Además de la práctica regular de los alumnos en los programas de abono de la RFG, el curso organiza ciclos de cámara periódicos donde los estudiantes demuestran delante del público su musicalidad y profesionalidad.



Auditorio de Galicia
xoves 21 de marzo
21 h



Inauguración
Réquiem segundo Mozart

**REAL FILHARMÓNIA
DE GALICIA
HARRY CRISTOPHERS**

director

THE SIXTEEN

coro

JULIE COOPER

soprano

SIAN MENNA

contralto

MARK DOBELL

tenor

EAMON DOGAN

baixo

*estrea en España

Joseph Haydn (1732-1809)
Sinfonía núm. 26 en do menor,
“Lamentatione”

Allegro assai con spirito

Adagio

Menuetto e trio

James MacMillan (1959)

Miserere*

Wolfgang Amadeus Mozart

(1756-1791)

Réquiem en re menor, KV 626

Réquiem aeternam

Kyrie eleison

Dies irae

Tuba mirum

Rex tremendae maiestatis

Recordare, Iesu pie

Confutatis maledictis

Lacrimosa

Domine Iesu Christe

Hostias et preces

Sanctus

Benedictus

Agnus Dei

Lux aeterna

Joseph Haydn (1732-1809) compuxo a *Sinfonía núm. 26 en re menor (Hob I/26)*, coñecida como *Lamentatione* para a súa interpretación en Semana Santa. Escrita como sonata da chiesa, sen o comezo lento, estrutúrase nun movemento lento enmarcado entre dous rápidos. Haydn utiliza para esta sinfonía temas derivados do canto gregoriano así como lamentacións utilizadas pola igrexa católica nos servizos de Xoves Santo.

Miserere (2009) de James MacMillan (1959) é unha composición, en oito partes, para coro mixto a *capella* sobre un dos textos de penitencia da igrexa cristiá, o Salmo 51, que fala da culpa e o pecado con esperanza e optimismo. Dedicada a Harry Christophers e The Sixteen, MacMillan plasma nesta partitura o sentido do salmo como viaxe cara a diante cun enfoque musical melódico e sofisticado e un manexo experto das seccións feminina e masculina do coro.

En xullo de 1791 Wolfgang Amadeus Mozart (1756-1791) recibiu anonimamente o encargo do conde Walsegg-Stuppach para a composición dun réquiem. A morte do compositor impediu, con todo, que o rematase. Mostra da arte do último Mozart, estilo e escritura moi depurados, profunda espiritualidade e diálogo/oposición entre a angustia e a serenidade, o *Réquiem* non é unha obra litúrxica, pero si relixiosa, no medio da tristeza e a inquietude, da desesperanza e as tebras.

Real Filharmonía de Galicia

Iniciou a súa actividade en 1996 no Auditorio de Galicia, en Santiago de Compostela, onde presenta a súa temporada estable de concertos. O seu primeiro director titular foi Helmuth Rilling (1996-2000), a quen sucedeu Antoni Ros Marbà (2000-2012). Desde 2013, Paul Daniel é o seu director titular e artístico. O compostelán Maximino Zumalave, vinculado á orquestra desde o seu nacemento, é director asociado, e Christoph König o principal director convidado. Ademais da temporada de concertos en Santiago, mantén unha activa presenza no resto de cidades galegas e realizou varias xiras internacionais por Austria, Alemaña, Francia, Brasil, Arxentina e, especialmente, Portugal. Paralelamente, potencia a súa actividade en Santiago cun ciclo de cámara e cos concertos didácticos que desde 1996 organiza co Auditorio de Galicia e polos que pasan máis de 7.000 escolares galegos cada ano. En 2009 presentou dous traballos discográficos inéditos dedicados a Manuel de Falla e Frederic Mompou e, en maio de 2012, un novo disco, dedicado a Ravel. Estreitamente vinculada á RFG está a Escola de Altos Estudos Musicais que imparte o Curso Avanzado de Especialización Orquestral, cos músicos da RFG como profesores. A RFG forma parte da Asociación Española de Orquestras Sinfónicas. A RFG está xestionada polo Consorcio de Santiago e forma parte da Asociación Española de Orquestras Sinfónicas.

The Sixteen/ Harry Christophers director

É un dos mestres máis internacionais do panorama musical e, froito da súa paixón pola música, é o coro The Sixteen, que, despois de máis de trinta anos nos escenarios, é unha das agrupacións máis importantes do mundo. Trátase dun coro e unha orquestra de instrumentos de época e a súa principal calidade é o compromiso coa música que interpretan. A formación promove un ciclo anual no Queen Elizabeth Hall de Londres así como o Choral Pilgrimage, unha xira polas catedrais máis representativas de Inglaterra que devolve a música aos edificios orixinais para os que foi escrita. A súa discografía contempla un cento de gravacións e prestixiosos premios que recoñecen a súa gran calidade na interpretación dun repertorio musical que abrangue máis de cincocentos anos. Christophers foi nomeado en 2008 director artístico de Boston Handel and Haydn Society e é o principal director convidado das orquestras da Comunidade de Madrid e Ciudad de Granada. Mantén unha relación moi estreita coa BBC Philharmonic e coa orquestra Academy of St Martin in the Fields. É membro honorífico do Magdalen College da Universidade de Oxford e da Royal Welsh College of Music and Drama, ademais de doutor musical honorífico da Universidade de Leicester.

Joseph Haydn (1732-1809) compuso la *Sinfonía núm. 26 en re menor (Hob I/26)*, conocida como *Lamentatione* para su interpretación en Semana Santa. Escrita como sonata da chiesa, sin el comienzo lento, se estructura en un movimiento lento enmarcado entre dos rápidos. Haydn utiliza para esta sinfonía temas derivados del canto gregoriano así como lamentaciones utilizadas por la iglesia católica en los servicios de Jueves Santo.

Miserere (2009) de James MacMillan (1959) es una composición, en ocho partes, para coro mixto a capella sobre uno de los textos de penitencia de la iglesia cristiana, el Salmo 51, que habla de la culpa y el pecado con esperanza y optimismo. Dedicada a Harry Christophers y The Sixteen, MacMillan plasma en esta partitura el sentido del salmo como viaje hacia delante con un enfoque musical melódico y sofisticado y un manejo experto de las secciones femenina y masculina del coro.



En julio de 1791 Wolfgang Amadeus Mozart (1756-1791) recibió anónimamente el encargo del conde Walsegg-Stuppach para la composición de un réquiem. La muerte del compositor impidió, sin embargo, que lo terminara. Muestra del arte del último Mozart, estilo y escritura muy depurados, profunda espiritualidad y diálogo / oposición entre la angustia y la serenidad, el *Réquiem* no es una obra litúrgica, pero sí religiosa, en medio de la tristeza y la inquietud, de la desesperanza y las tinieblas. La RFG está gestionada por el Consorcio de Santiago y forma parte de la Asociación Española de Orquestas Sinfónicas.

Real Filharmonía de Galicia

Inició su actividad en 1996 en el Auditorio de Galicia, en Santiago de Compostela, donde presenta su temporada estable de conciertos. Su primero director titular fue Helmut Rilling (1996-2000), a quien sucedió Antoni Ros Marbà (2000-2012). Desde 2013, Paul Daniel es su director titular y artístico. El compostelano Maximino Zumalave, vinculado a la orquesta desde su nacimiento, es director asociado, y Christoph König el principal director invitado. Además de la temporada de conciertos en Santiago mantiene una activa presencia en el resto de ciudades gallegas y realizó varias giras internacionales por Austria, Alemania, Francia, Brasil, Argentina y, especialmente, Portugal. Paralelamente, potencia su actividad en Santiago con un ciclo de cámara y con los conciertos didácticos que desde 1996 organiza con el Auditorio de Galicia y por los que pasan más de 7000 escolares gallegos cada año. En el 2009 presentó dos trabajos discográficos inéditos dedicados a Manuel de Falla y Frederic Mompou y, en mayo de 2012, un nuevo disco, dedicado a Ravel. Estrechamente vinculada a la RFG está la Escuela de Altos Estudios Musicáis que imparte el Curso Avanzado de Especialización Orquestral, con los músicos de la RFG como profesores. La RFG forma parte de la Asociación Española de Orquestas Sinfónicas. La RFG está gestionada por el Consorcio de Santiago y forma parte de la Asociación Española de Orquestas Sinfónicas.

The Sixteen/Harry Christophers director

Es uno de los maestros más internacionales del panorama musical y, fruto de su pasión por la música, es el coro The Sixteen, que, después de más de treinta años en los escenarios, es una de las agrupaciones más importantes del mundo. Se trata de un coro y una orquesta de instrumentos de época y su principal calidad es el compromiso con la música que interpretan. La formación promueve un ciclo anual en el Queen Elizabeth Hall de Londres así como el "Choral Pilgrimage", una gira por las catedrales más representativas de Inglaterra que devuelve la música a los edificios originales para los que fue escrita. Su discografía contempla un centenar de grabaciones y prestigiosos premios que reconocen su gran calidad en la interpretación de una lista musical que abarca más de quinientos años. Christophers fue nombrado en 2008 director artístico de Boston Haendel and Haydn Society y es el principal director convidado de las orquestas de la Comunidad de Madrid y Ciudad de Granada. Mantiene una relación muy estrecha con la BBC Philharmonic y con la orquesta Academy of St Martin in the Fields. Es miembro honorífico del Magdalen College de la Universidad de Oxford y de la Royal Welsh College of Music and Drama, además de doctor musical honorífico de la Universidad de Leicester.



Santa María do Camiño
venres 22 de marzo
19.30 h



Cantus Rogans

música contemporánea
checa para violonchelo



JIŘÍ BÁRTA

violoncello

Pavel Zemek (1957)
Sonata para violoncello só núm. 1

Peter Graham (1952)
Suite para violoncello solo
Goya
Ideas xeométricas
Cada canción (Federico García Lorca)
Inquieto
Presto delirando
Grave

Marek Kopelent (1932)
Cantus Rogans

Pavel Zemek (1957)
Sonata núm. 2 para violoncello solo

O nome do concerto, *Cantus rogans*, canto de súplica, derivado da composición homónima de Marek Kopelent, presenta ao violoncello da mesma forma a través dos tres compositores checos do programa: un instrumento de son próximo á voz humana, capaz de expresar os máis íntimos sentimentos. Marek Kopelent (1932), residente en Praga, e os autores de Brno, Pavel Zemek (1957) e Peter Graham (1952), poden considerarse modernistas conservadores. Cada un deles extrae do violoncello algo propio. Kopelent, unha emotiva súplica na súa oratoria de santa Inés; Graham, unha marcada inspiración no minimalismo estadounidense e a música jazz na máis prolongada das obras da noite, coa que se penetra en territorios diametralmente opostos; e o tan persoal Zemek, que coa súa monotonía e renuncia a calquera tipo de artificio instrumental, logra un efecto hipnótico nas súas dúas sonatas. Coa excepción da *Sonata núm. 1* de Pavel Zemek, todas as demais composicións foron estreadas por Jiří Bárta. *Cantus Rogans* e a *Sonata núm. 2* forman parte do álbum *Reflexe*, de Jiří Bárta, que recibiu en Praga o premio Harmonía.

El nombre del concierto, *Cantus Rogans*, canto de súplica, derivado de la composición homónima de Marek Kopelent, presenta al violonchelo de la misma forma a través de los tres compositores checos del programa: un instrumento de sonido cercano a la voz humana, capaz de expresar los más íntimos sentimientos. Marek Kopelent (1932), residente en Praga, y los autores de Brno Pavel Zemek (1957) y Peter Graham (1952) pueden considerarse modernistas conservadores. Cada uno de ellos extrae del violonchelo algo propio. Kopelent, una emotiva súplica en su oratoria de santa Inés; Graham, una marcada inspiración en el minimalismo estadounidense y la música jazz en la más prolongada de las obras de la noche, con la que se adentra en territorios diametralmente opuestos; y el tan personal Zemek, que con su monotonía y renuncia a cualquier tipo de artificio instrumental, logra un efecto hipnótico en sus dos sonatas. Con la excepción de la *Sonata núm.1* de Pavel Zemek, todas las demás composiciones fueron estrenadas por Jiří Bárta. *Cantus Rogans* y la *Sonata núm. 2* forman parte del álbum *Reflexe*, de Jiří Bárta, que recibió en Praga el premio Harmonía.



Igrexa da Universidade
venres 22 marzo
22 h



Jazz Bach



JIŘÍ BÁRTA

violoncello

MILAN SVOBODA

piano

Johann Sebastian Bach (1685-1750)

Milan Svoboda (1951)

Improvisación para piano baseada na *Suite para violoncello núm. 1 en Sol maior*

Milan Svoboda (1951)

Jazz Suite para violoncello e piano

Sign of Sagittarius

Autumn

Peaceful morning

Fuddle

Miniature núm. 1

Miniature núm. 2

Miniature núm. 3

How beautiful you are

O programa xorde do álbum *Znamení Štřelce* (Sagitario) de Milan Svoboda, escrito orixinalmente para cuarteto de jazz. O autor, referíndose a ese disco, di: “Sábese de min que non son un músico de jazz ortodoxo, que a miña formación é de música clásica. Ao jazz atraeume a posibilidade única que dá para improvisar e expresarse con liberdade. Por iso elixín esta fusión pouco convencional entre o son do violoncello co dun grupo clásico de jazz. Tamén me encantou a idea de tocar cun virtuoso da talla de Jiří Barta. O encontro con el e coa súa arte foi moi enriquecedor para min”. Na primeira metade do concerto soa a suite para violoncello de Bach en contraste coa improvisación jazzística de Milan Svoboda.

Jiří Barta violoncello

Destacado violoncellista da súa xeración, estudou con Josef Chuchra e Mirko Škampa en Praga, con Boris Pergamenščikov en Kölln am Rhein e con Eleonor Schoenfeld nos Ángeles. En 1991 obtivo o premio Europäische Förderpreis für Musik, en Dresde, e o premio Rostropovich-Hammer, nos Ángeles. Colaborou coas mellores orquestras checas e internacionais, como a Filharmónica Checa, Filharmónica Eslovaca, Royal Philharmonic Orchestra London, Royal Scottish National Orchestra, Royal Liverpool Philharmonic ou Berliner Symphoniker, e directores de orquestra como Jiří Bělohlávek, Charles Dutoit, Libor Pešek, Gennadij Rozhdestvenski ou Maxim Šostakovič. Con regularidade, é invitado aos máis destacados festivais e escenarios de Barcelona, Berlín, Bratislava, Bos Aires, Edimburgo, Istambul, Os Ánxeles, Múnic, Newport, Nova York, París, Praga, Salzburgo, Toquio, Londres, etc. Gravou máis de vinte discos como solista para importantes compañías discográficas como Deutsche Gramophon, Supraphon, Hyperion ou Multisonic, polos cales obtivo varios premios importantes: mellor gravación de música clásica checa en 1995 e 1999, Klassik Heute Empfehlung, Premio Gramophone Editor’s Choice 2004 e Grammy Award London.

Milan Svoboda piano

É unha das personalidades máis importantes da escena musical checa. Como pianista de jazz e líder de varios grupos obtivo gran recoñecemento internacional. O seu traballo como compositor e director abrangue moitos xéneros: jazz, musicais, música para o cine, escénica e clásica. Naceu en Praga en 1951. Estudou musicoloxía na Unviersidade Carolina de Praga e composición na Academia de Música de Praga e obtivo unha beca no Berklee College of Music de Boston. En 1976 fundou a súa primeira orquestra de jazz Prazsky Big Band. Máis tarde foi director musical da banda Kontraband e hoxe en día traballa como director musical da Prazsky Big Band. Co seu grupo presentouse en moitos países do mundo e traballou con: James Moody, Jerry Bergonzi, Aaron Scott, Victor Mendoza ou Maria Schneider, entre moitos outros. Como compositor traballa para o teatro, cine e televisión. Compuxo moitos musicais e participou como director musical en *Jesus Christ Superstar*, *Evita* ou *Os Miserables*. Actualmente dedícase tamén á música clásica. Traballa frecuentemente coa orquestra *Virtuosi dei Praga*, co famoso violinista checo Pavel Šporcl, coa Orquestra de Cámara de Praga, ou con Jiří Bárta. En 2006 foi director musical e director artístico da Orquestra de Jazz do Rudolfinum, composta polos membros da Filharmónica Checa e os solistas de jazz máis relevantes da República Checa.

El concierto surge del álbum *Znamení Střelce* (Sagitario) de Milan Svoboda, escrito originalmente para cuarteto de jazz. El autor, refiriéndose a ese disco, dice: "Se sabe de mí que no soy un músico de jazz ortodoxo, que mi formación es de música clásica. Al jazz me atrajo la posibilidad única que da para improvisar y expresarse con libertad. Por eso he elegido esta fusión poco convencional entre el sonido del violonchelo con el de un grupo clásico de jazz. También me encantó la idea de tocar con un virtuoso de la talla de Jiří Bárta. El encuentro con él y con su arte ha sido muy enriquecedor para mí". En la primera mitad del concierto suena la suite para violonchelo de Bach en contraste con la improvisación jazzística de Milan Svoboda.

Jiří Bárta violonchelo

Destacado violonchelista de su generación, estudió con Josef Chuchra y Mirko Škampa en Praga, con Boris Pergamenščikov en Kölln am Rhein y con Eleonor Schoenfeld en Los Ángeles. En 1991 obtuvo el premio Europäische Förderpreis für Musik, en Dresde, y el premio Rostropovich-Hammer, en Los Ángeles. Ha colaborado con las mejores orquestas checas e internacionales, como Filarmónica Checa, Filarmónica Eslovaca, Royal Philharmonic Orchestra London, Royal Scottish National Orchestra, Royal Liverpool Philharmonic o Berliner Symphoniker y directores de orquesta como Jiří Bělohlávek, Charles Dutoit, Libor Pešek, Gennadij Rozhdestvenski o Maxim Šostakovič. Con regularidad, es invitado a los más destacados festivales y escenarios de Barcelona, Berlín, Bratislava, Buenos Aires, Edimburgo, Estambul, Los Ángeles, Múnich, Newport, Nueva York, París, Praga, Salzburgo, Tokio, Londres, etc. Ha grabado más de veinte discos como solista para importantes compañías discográficas como Deutsche Gramophon, Supraphon, Hyperion o Multisonic, por los cuales ha obtenido varios premios importantes: mejor grabación de la música clásica checa en 1995 y 1999, *Klassik Heute Empfehlung*, Premio Gramophone Editor's Choice 2004 y Grammy Award London.



Milan Svoboda piano

Es una de las personalidades más importantes de la escena musical checa. Como pianista de jazz y líder de varios grupos ha obtenido gran reconocimiento internacional. Su trabajo como compositor y director abarca muchos géneros: jazz, musicales, música para el cine, escénica y clásica. Nació en Praga en 1951. Estudió musicología en la Universidad Carolina de Praga y composición en la Academia de Música de Praga y obtuvo una beca en el Berklee College of Music de Boston. En 1976 fundó su primera orquesta de jazz Prazsky Big Band. Más tarde fue director musical de la banda Kontraband y hoy en día trabaja como director musical de la Prazsky Big Band. Con su grupo se presentó en muchos países del mundo y trabajó con: James Moody, Jerry Bergonzi, Aaron Scott, Victor Mendoza o Maria Schneider, entre muchos otros. Como compositor trabaja para el teatro, cine y televisión. Compuso muchos musicales y participó como director musical en *Jesus Christ Superstar*, *Evita* o *Los Miserables*. Actualmente se dedica también a la música clásica. Trabaja frecuentemente con la orquesta Virtuosi di Praga, con el famoso violinista checo Pavel Šporcl, con la Orquesta de Cámara de Praga, o con Jiří Bárta. En 2006 fue director musical y director artístico de la Orquesta de Jazz del Rudolfinum, compuesta por los miembros de la Filarmónica Checa y los solistas de jazz más relevantes de la República Checa.



San Martiño Pinarío
sábado 23 de marzo
19.30 h

Suite litúrxica

momentos corais



**CORO NOVO DA
SINFÓNICA DE GALICIA
J. ANTONIO GARCÍA MATO
J. RAMÓN RODRÍGUEZ
CASTELLANOS
DANIEL G. ARTÉS**

directores

**NENOS CANTORES DA
SINFÓNICA DE GALICIA
JOSÉ LUIS VÁZQUEZ**

director

Felix Mendelssohn (1809-1847)
Veni Domine, op. 39, núm. 1

Marc-Antoine Charpentier
(1643-1704)
Sub Tuum Praesidium H. 28

Francisco Ibáñez Iribarría (1951)
Ave Maria (in memoriam José Rada)

Gabriel Fauré (1845-1924)
Agnus Dei, do Réquiem, op. 48

Nenos Cantores da Sinfónica
de Galicia
Isabel Romero piano

Michael McGlynn (1964)
Media Vita

Piotr Janczak (1972)
De Profundis

Hugo Distler (1908-1942)
Wie der Hirsch schreit

Albert Alcaraz (1978)
Al.lleluia

Alfonso X o Sabio/Daniel G. Artés
(1983)*
Santa Maria strela do dia

Go tell it on the mountain (espiritual,
arr. Burkhart M. Schürmann, 1972)

Coro Novo da Sinfónica de Galicia

Eduard Vila i Perarnau (1984)
Recordare Virgo Mater

Daniel G. Artés (1983)
Alleluia*

Xabier Sarasola (1960)
Veni Creator Spiritus

Coro de Nenos e Coro Novo
da Sinfónica de Galicia

*estrea absoluta

Aínda que de épocas distintas, tanto o *Veni Domine* como o *Sub Tuum Praesidium* comparten un sentimento profundamente relixioso de corte tradicional. O Ave María, moito máis actual na súa estética, mantenos o corazón encollido para dar paso ao coñecido Agnus Dei da *Misa de Requiem* de Fauré, adaptado para coro de nenos. O Coro Novo comezará cunha procesión de aire medieval co canto *Media vita in morte sumus* (“No medio da vida chéganos a morte”) que servirá de preludio a diversas e variadas pezas relixiosas dos últimos 50 anos que inclúen arranxos de música antiga, composicións orixinais e espirituais negros. Pechando o concerto, os dous coros interpretarán varias pezas conxuntamente, todas elas de composición recente. Dentro do programa encontramos dúas estreas absolutas de quen lles escribe: *Santa Maria strela do día* e *Alleluia*. A arquiñoñecida cantiga de Alfonso X o Sabio está reinterpretada nun estilo contemporáneo. Tras a clásica melodía medieval, a música vaise desenvolvendo sobre unhas liñas que, recordando en principio esquemas antigos vanse volviendo máis complexas e densas. Esta obra foi escrita especialmente para o Coro Novo da OSG. O *Alleluia*, a 2 coros de 3 voces cada un, é unha fantasía coral sobre a palabra “aleluia”. Cada un dos coros expón por separado a súa versión chegando ao clímax cando os dous cantan á vez. O resultado é unha obra íntima, de aparencia sinxela pero de gran profundidade. A obra está dedicada a Joan Company, director do Coro da Sinfónica de Galicia.

Daniel G. Artés

Nenos Cantores da Orquestra Sinfónica de Galicia

Realizaron a súa presentación musical, a principios do ano 2000, interpretando a *Sinfonía núm. 3* de Gustav Mahler á beira da Sinfónica de Galicia e baixo a dirección de Víctor Pablo. Desde entón actuaron en varias ocasións coa orquestra interpretando obras de Mahler (cabe destacar a súa exitosa participación na *Oitava Sinfonía*), Orff, Shostakovich ou Fauré e óperas como *Werther* e *Turandot* e teñen colaborado, entre outros, con Emilio Aragón. Tamén ofreceron concertos a capella na Coruña, en diversas localidades galegas e no Auditorio de León. Formado por uns 50 nenos e nenas de entre 10 e 14 anos, está dirixido desde a súa creación por José Luís Vázquez. Naceu coa intención de constituír un verdadeiro centro de canto coral para a formación de novas voces que ademais, posteriormente, poderán formar parte do Coro Novo da OSG e do Coro da OSG.

Coro Novo da Orquestra Sinfónica de Galicia

Presentado en público en xuño de 2005 na Coruña. Desde entón participou en varios proxectos coa Sinfónica de Galicia entre os que cabe destacar a súa presenza na *Balada dos heroes*, de Britten, *A execución* de Stepan Ranzi, de Shostakóvich e na *Cantata de Nadal*, de Honegger e o *Carmina Burana* participativo da edición 2011 do Festival Mozart da Coruña. Ofrece con regularidade concertos a capella en diferentes localidades galegas. Obtivo entre outros, o premio do público e o segundo premio do Concurso Nacional de Corales Antonio José (Burgos, 2008). Formado por 35 mozos de entre 13 e 21 anos, esta agrupación constitúe a ponte coral entre o coro de nenos e o coro de adultos da OSG. Desde abril de 2010 está dirixido por: Daniel García Artés, José Ramón Rodríguez Castellanos e José Antonio García Mato.



Aunque de épocas distintas, tanto el *Veni Domine* como el *Sub Tuum Praesidium* comparten un sentimiento profundamente religioso de corte tradicional. El Ave Maria, mucho más actual en su estética, nos mantiene el corazón encogido para dar paso al conocido Agnus di de la *Misa de Requiem* de Fauré, adaptado para coro de niños. El Coro Joven comenzará con una procesión de aire medieval con el cuanto *Medía vita in muerte sumus* ("En medio de la vida los llegan la muerte") que servirá de preludio la diversas y variadas piezas religiosas de los últimos 50 años que incluyen arreglos de música antigua, composiciones originales y espirituales negros. Cerrando el concierto, los dos coros interpretarán varias piezas conjuntamente, todas ellas de composición reciente. Dentro del programa encontramos dos estrenos absolutos de quien les escribe: *Santa Maria strela do dia* y *Alleluia*. La archiconocida cantiga de Alfonso X el Sabio está reinterpretada en un estilo contemporáneo. Tras la clásica melodía medieval, la música se va desarrollando sobre unas líneas que, recordando en principio esquemas antiguos se van volviendo más complejas y densas. Esta obra fue escrita especialmente para el Coro Joven de la OSG. El *Alleluia*, a 2 coros de 3 voces cada uno, es una fantasía coral sobre la palabra "Alleluia". Cada uno de los coros exponen por separado su versión llegando al clímax cuando los dos coros cantan a la vez. El resultado es una obra íntima, de apariencia sencilla pero de gran profundidad. La obra está dedicada a Joan Company, director del Coro de la Sinfónica de Galicia.

Daniel G. Artés

Niños Cantores de la Orquesta Sinfónica de Galicia
Realizaron su presentación musical, a principios del año 2000, interpretando la *Sinfonía núm. 3*, de Gustav Mahler al lado de la Sinfónica de Galicia y bajo la dirección de Víctor Pablo. Desde entonces han actuado en varias ocasiones con la orquesta interpretando obras de Mahler (cabe destacar su exitosa participación en la *Octava Sinfonía*), Orff, Shostakovich o Fauré y óperas como *Werther* y *Turandot* y han colaborando, entre otros, con Emilio Aragón. También han ofrecido conciertos a capella en A Coruña, en diversas localidades gallegas y en el Auditorio de León. Formado por unos 50 niños y niñas de entre 10 y 14 años, está dirigido desde su creación por José Luis Vázquez. Nació con la intención de constituir un verdadero centro de canto coral para la formación de nuevas voces que además, posteriormente, podrán formar parte del Coro Joven de la OSG y del Coro de la OSG.

Coro Joven de la Orquesta Sinfónica de Galicia
Presentado en público en junio de 2005 en A Coruña. Desde entonces ha participado en varios proyectos con la Sinfónica de Galicia entre los que cabe destacar su presencia en *La balada de los héroes* de Britten, *La ejecución* de Stepan Ranzi de Shostakóvich y en la *Cantata de Navidad* de Honegger y el *Carmina Burana* participativo de la edición 2011 del Festival Mozart de A Coruña. Ofrece con regularidad conciertos a capella en diferentes localidades gallegas. Ha obtenido entres otros, el premio del público y el segundo premio del Concurso Nacional de Corales Antonio José (Burgos, 2008). Formado por 35 jóvenes de entre 13 y 21 años, este agrupación constituye el puente coral entre el coro de niños y el coro de adultos de la OSG. Desde abril de 2010 está dirigido por: Daniel García Artés, José Ramón Rodríguez Castellanos y José Antonio García Mato.




Igrexa de San Francisco
sábado 23 de marzo
21.30 h



Ussak Sarki

cancións e músicas
tradicionais dos xudeos
españóis exiliados en Turquía



**LOS CAMINOS
DE SERKEZI**
Spyridoula Baka

voz

Efrén López

ud e kopuz

Sofia Lambropoulou

kanun

Sofia Efkliou

cello

Miriam Encinas

percusións

**Durme / Bana yücelerden seyreden
dilber**

(Anónimo, Balcáns/M. Serif)

Me kemí y m'inflamí

(Anónimo, Esmirna)

**La galana y el mar/Ajuar de novia
galana (contrafacto)**

(Anónimo, Tesalónica-Sofia/E. López)

Aman moulinero/O milonas

(Anónimo, Estambul-Grecia)

**Syen drahmas al día/Ekato
drahmes tin mera**

(P. Tundas/Tradicional, Grecia-
Esmirna)

De las altas mares

(Anónimo, Estambul/E. López)

Sabazemzeme Saz Semaisi

(Tanburi Isak, Estambul, 1745-1814)

UssakSarki - Yalniz birakip gitme

(Misirli Ibrahim Efendi, Alepo-El
Cairo-Estambul, 1872-1933)

Los caminos de Serkeci

(Anónimo, Estambul/E. López)

Todas mis esperansas

(Anónimo, Esmirna)

Yo en estando

(Anónimo, Marrocos/E. López)

Ansi, ansi/Qué buena que fue la hora

(Anónimo, Turquía-Bulgaria)

Los Caminos de Serkezi aborda a interpretación do repertorio sefardí desde a óptica das músicas tradicionais daqueles países que os acolleron. Esta é, á fin e ao cabo, a fonte de onde eles mesmos beberon ao chegar da súa diáspora, e tratamos de embelecelas cos recursos máis naturais e máis ao alcance nestas culturas, conservando na medida do posible o espírito orixinal de cada peza, utilizándoa para o goce do público actual. Pese á orixe peninsular dos sefardís, co paso do tempo a súa música foi perdendo lazos de unión coa tradición ibérica. De feito é frecuente a adaptación ao xudeo-español de cancións co grego ou o turco como idioma orixinal - o rebetiko grego *O Ergatis Timimenes* ou a canción turca *Gül Pembe*, entre outras-, a inclusión de refráns nestas linguas dentro de coplas xudeu-españolas e por suposto a composición de novos temas ou a adaptación de antigos romances ou melodías coa utilización dos modos (makam) otománs e norte-africanos ou os ritmos tradicionais dos países de acollida (karsilamas, tsifteteli, curcuna, etc.). Nalgúns casos, atrevémonos a mesturar a música dos sefardís con pezas turcas ou gregas, coas que teñen certa similitude ou a incluír fragmentos de composición propia intentando conservar o espírito orixinal de cada peza.

Los Caminos de Serkezi

A noite que partían as carabelas cara ao Novo Mundo era a última noite que tiñan os xudeus para saír da península ibérica por orde de Fernando de Aragón e Isabel de Castilla. Nuns poucos meses partiron máis de 160.000 xudeus cara ao Imperio Otomán, Provenza, norte de África, os estados Balcánicos e tamén Italia e Holanda. Serkeci, ou Sirkeci, é un barrio de Istambul era un dos destinos referenciados no seu longo camiño. Os xudeus hispanos da diáspora transmitiron aos seus fillos o seu pasado: os costumes, a música e a lingua. Así, de xeración en xeración estes elementos foron conservándose ata os nosos días adaptándose, como lingua viva, aos lugares onde se falaba, co cal temos palabras desoutros idiomas, expresións e xiros e nas músicas os instrumentos autóctonos que tamén se adoptaron. O grupo Los Caminos de Serkeci está formado por músicos afincados en Grecia e na costa mediterránea ibérica que están en permanente contacto con esas tradicións e músicas.

Los Caminos de Serkeci aborda la interpretación del repertorio sefardita desde la óptica de las músicas tradicionales de aquellos países que los acogieron. Esta es, al fin y al cabo, la fuente de donde ellos mismos bebieron al llegar de su diáspora, y tratamos de embellecerla con los recursos más naturales y más al alcance en estas culturas, conservando en la medida de lo posible el espíritu original de cada pieza, utilizándola para el disfrute del público actual. Pese al origen peninsular de los sefarditas, con el paso del tiempo su música fue perdiendo lazos de unión con la tradición ibérica. De hecho es frecuente la adaptación al judeo-español de canciones con el griego o el turco como idioma original –el rebetiko griego *O Ergatis Timimenes* o la canción turca *Gül Pembe*, entre otras–, la inclusión de estribillos en estas lenguas dentro de coplas judeo-españolas y por supuesto la composición de nuevos temas o la adaptación de antiguos romances o melodías con la utilización de los modos (makam) otomanos y norte-africanos o los ritmos tradicionales de los países de acogida (karsilamas, tsifteteli, curcuna, etc.). En algunos casos, nos hemos atrevido a mezclar la música de los sefarditas con piezas turcas o griegas, con las que tienen cierta similitud o a incluir fragmentos de composición propia intentando conservar el espíritu original de cada pieza.



La noche que partían las carabelas hacia el Nuevo Mundo era la última noche que tenían los judíos para salir de la península ibérica por orden de Fernando de Aragón e Isabel de Castilla. En unos pocos meses partieron más de 160.000 judíos hacia el Imperio Otomano, Provenza, el norte de África, los estados Balcánicos y también Italia y Holanda. Serkeci, o Sirkeci, es un barrio de Estambul era uno de los destinos referenciados en su largo camino. Los judíos hispanos de la diáspora transmitieron a sus hijos su pasado: las costumbres, la música y la lengua. Así, de generación en generación estos elementos fueron conservándose hasta nuestros días adaptándose, como lengua viva, a los lugares en donde se hablaba, con lo cual tenemos palabras de estos otros idiomas, expresiones y giros y en las músicas los instrumentos autóctonos que también se adoptaron. El grupo Los Caminos de Serkeci está formado por músicos afincados en Grecia y en la costa mediterránea ibérica que están en permanente contacto con esas tradiciones y músicas.



Santa María de Conxo
domingo 24 de marzo
19.30 h



As sete últimas palabras de Cristo na Cruz



**REAL FILHARMÓNIA
DE GALICIA**
MAXIMINO ZUMALAVE
director

Antonio Vivaldi (1678-1741)
Sinfonía en si menor "Al santo Sepolcro"

Adagio molto
Allegro ma poco

Joseph Haydn (1732-1809)
As sete últimas palabras
de Cristo na Cruz

Introdución. Maestoso ed adagio
Largo. Pater Dimitte Illis. Quia Nesciunt,
Quid Faciunt!
Grave e cantabile. Hodie Mecum Eris Paradiso!
Grave. Mulier, Ecce filius Tuus!
Largo. Deus Meus, Utquid Dereliquisti me?
Adagio. Sition!
Lento. Consumatum Est!
Largo. In Manus Tuas Domine,
Commendo Spiritum Meum!
Il Terremoto. Presto con tuta la forza

A relixiosidade de Haydn foi á vez causa e efecto da súa propia música, ao atopar nela, como moitos outros, o camiño que desemboca na arte. Lonxe da magnificencia de composicións que evocan a ampulosidade dun credo que se impón a outros, en canto a manifestación artística se refire, Haydn adereza as súas composicións relixiosas dun misticismo case íntimo, despreocupado de alcanzar grandes evocacións divinas. Boa mostra é a obra concibida como *As sete últimas palabras de Cristo na Cruz*. Por encargo do cóengo de Cádiz, José Saénz de Santamaría, nacido en Veracruz de pais españois que emigraron á Nova España, Haydn compón unha obra fermosa, evocadora das últimas frases de Cristo na Cruz: "Hai quince anos que o cóengo de Cádiz me pediu facer música instrumental para o sete palabras de Cristo na Cruz (...). Despois da introdución, subiu o bispo ao púlpito, pronunciou unha das sete palabras e, unha vez rematado, baixou e axeonllouse ante o altar. Esta pausa foi completada pola música e así unha e outra vez ata a conclusión..." Como resultado, Haydn elabora unha peza de misticismo evidente, que favorece o acougo espiritual e evoca o seu motivo. Ás palabras de Cristo na Cruz, une Haydn unha introdución e unha parte final, o "Terremoto", creando así un conxunto completo, sen ornamentacións superfluas pero cun fondo carácter.

Real Filharmonía de Galicia

Iniciou a súa actividade en 1996 no Auditorio de Galicia, en Santiago de Compostela, onde presenta a súa temporada estable de concertos. O seu primeiro director titular foi Helmuth Rilling (1996-2000), a quen sucedeu Antoni Ros Marbà (2000-2012). Desde 2013, Paul

Daniel é o seu director titular e artístico. O compostelán Maximino Zumalave, vinculado á orquestra desde o seu nacemento, é director asociado, e Christoph König o principal director convidado. Ademais da temporada de concertos en Santiago, mantén unha activa presenza no resto de cidades galegas e realizou varias xiras internacionais por Austria, Alemaña, Francia, Brasil, Arxentina e, especialmente, Portugal. Paralelamente, potencia a súa actividade en Santiago cun ciclo de cámara e cos concertos didácticos que desde 1996 organiza co Auditorio de Galicia e polos que pasan máis de 7.000 escolares galegos cada ano. En 2009 presentou dous traballos discográficos inéditos dedicados a Manuel de Falla e Frederic Mompou e, en maio de 2012, un novo disco, dedicado a Ravel. Estreitamente vinculada á RFG está a Escola de Altos Estudos Musicais que imparte o Curso Avanzado de Especialización Orquestral, cos músicos da RFG como profesores. A RFG forma parte da Asociación Española de Orquestras Sinfónicas. A RFG está xestionada polo Consorcio de Santiago e forma parte da Asociación Española de Orquestras Sinfónicas.

Maximino Zumalave

Director e pianista compostelán, foi discípulo de Brage, Gardiner e Rilling. Foi fundador e director do Coro Universitario de Santiago e do Collegium Compostellanum e principal director convidado da Orquestra Sinfónica de Galicia (1992-1995). Actualmente é director asociado da RFG, á que está vinculado desde o seu inicio. Con el actuaron solistas da talla de Achúcarro, Barto, Bayo, Bitetti, Castromil ou Zimmermann. Frecuente e moi especial é a súa colaboración con Teresa Berganza en diferentes países de Europa. Dirixiu as máis destacadas orquestras españolas e estranxeiras. Tamén levou a batuta en estreas absolutas de obras de Bernaola, Castelo, García Abril e Mestres Quadreny, cuidando especialmente as primeiras audicións de novos compositores galegos como Alonso, Balboa, Buíde ou Viaño. O seu compromiso coa cultura galega vai máis aló da música: Torrente Ballester envíalle unha obra "lamentando que non poida ser unha sinfonía" e a poetisa Eva Veiga escribe: "...Maximino,/que coas súas mans do silencio/arrinca/a máis pura poesía,/no espacio fuxidía/no corazón eterna". En xuño de 2008 a Xunta de Galicia concedeulle a Medalla Castelao.

La religiosidad de Haydn fue a la vez causa y efecto de su propia música, al encontrar en ella, como muchos otros, el camino que desemboca en el arte. Lejos de la magnificencia de composiciones que evocan la ampulosidad de un credo que se imponen a otros, en cuanto a manifestación artística se refiere, Haydn adereza sus composiciones religiosas de un misticismo casi íntimo, despreocupado de alcanzar grandes evocaciones divinas. Buena muestra es la obra concebida como *Las siete últimas palabras de Cristo na Cruz*. Bajo encargo del canónigo de Cádiz, José Saénz de Santamaría, nacido en Veracruz de padres españoles que emigraron a la Nueva España, Haydn compone una obra hermosa, evocadora de las últimas frases de Cristo en la Cruz: "Hace quince años que el canónigo de Cádiz me pidió hacer música instrumental para lo siete palabras de Cristo en la Cruz (...) Después de la introducción, subió el obispo al púlpito, pronunció una de las siete palabras y, una vez terminado, bajó y se arrodilló ante el altar. Esta pausa fue completada por la música y así una y otra vez incluso la conclusión..." Como resultado, Haydn elabora una pieza de misticismo evidente, que favorece el sosiego espiritual y evoca su motivo. A las palabras de Cristo en la Cruz, une Haydn una introducción y una parte final, el "Terremoto", creando así un conjunto completo, sin ornamentaciones superfluas pero con un hondo carácter.



Real Filharmonía de Galicia

Inició su actividad en 1996 en el Auditorio de Galicia, en Santiago de Compostela, donde presenta su temporada estable de conciertos. Su primero director titular fue Helmuth Rilling (1996-2000), a quien sucedió Antoni Ros Marbà (2000-2012). Desde 2013, Paul Daniel es su director titular y artístico. El compostelano Maximino Zumalave, vinculado a la orquesta desde su nacimiento, es director asociado, y Christoph König el principal director invitado. Además de la temporada de conciertos en Santiago mantiene una activa presencia en el resto de ciudades gallegas y realizó varias giras internacionales por Austria, Alemania, Francia, Brasil, Argentina y, especialmente, Portugal. Paralelamente, potencia su actividad en Santiago con un ciclo de cámara y con los conciertos didácticos que desde 1996 organiza con el Auditorio de Galicia y por los que pasan más de 7000 escolares gallegos cada año. En el 2009 presentó dos trabajos discográficos inéditos dedicados a Manuel de Falla y Frederic Mompou y, en mayo de 2012, un nuevo disco, dedicado a Ravel. Estrechamente vinculada a la RFG está la Escuela de Altos Estudios Musicáis que imparte el Curso Avanzado de Especialización Orquestral, con los músicos de la RFG como profesores. La RFG forma parte de la Asociación Española de Orquestas Sinfónicas. La RFG está gestionada por el Consorcio de Santiago y forma parte de la Asociación Española de Orquestas Sinfónicas.

Maximino Zumalave

Director y pianista compostelano, fue discípulo de Brage, Gardiner y Rilling. Fue fundador y director del Coro Universitario de Santiago y del Collegium Compostellanum y principal director convidado de la Orquesta Sinfónica de Galicia (1992-1995). Actualmente es director asociado de la RFG, a la que está vinculado desde su inicio. Con él actuaron solistas de la talla de Achúcarro, Barto, Bayo, Bitetti, Castromil, o Zimmermann. Frecuente y muy especial es su colaboración con Teresa Berganza en diferentes países de Europa. Dirigió a las más destacadas orquestas españolas y extranjeras. También llevó la batuta en estrenas absolutas de obras de Bernaola, Castillo, García Abril y Maestros Quadreny, cuidando especialmente las primeras audiciones de nuevos compositores gallegos como Alonso, Balboa, Buide o Víaño. Su compromiso con la cultura gallega ve más allá de la música: Torrente Ballester le envía una obra "lamentando que no pueda ser una sinfonía" y la poetisa Eva Vega escribe: "...Maximino,/que con sus manos del silencio/arranca/a más pura poesía,/ en el espacio fuxidía/en el corazón eterna". En junio de 2008 A Xunta de Galicia le concedió la Medalla Castelao.



San Fiz de Solovio
domingo 24 de marzo
21.30 h

A palabra oculta

poemas, textos e música
de monxas de clausura
(España/América, s. XVI-XVII)



ARS ATLÁNTICA MÓNICA DE NUT

VOZ

MANUEL VILAS

arpa de dúas ordes

Gracia Baptista. Monja (España, s. XVI)

Conditor alme

Santa Teresa de Jesús (1515-1582)

Mi amado para mí

Ayes el desierto

Anónimo Gregoriano

Ave Maris Stella

Pablo Bruna (1611-1679)

Ave Maris Stella

Sor Leonor de Ovando

(República Dominicana, s. XVI)

Soneto

Sor Gertrudis de San Ildefonso

(1652-1709)

“Bebe la sangre de Cristo en el costado del divino cordero”, fragmento de La perla mística escondida en la concha de la humildad. Monasterio de Santa Clara de Quito (Ecuador)

Diego Fernández de Huete

(Toledo, s. XVII-XVIII)

Pasacalles

Francisca de los Ángeles

(Querétaro, Méjico 1674-1744)

Visión y descripción de su ángel de la guarda

Anónimo (s. XVIII)

Versos para el colegio de niñas de San Miguel de Belém (Méjico)

Anónimo (s. XVIII)

Seguidillas. Monasterio de Santa Ana. Ávila

Sor Juana Inés de la Cruz

(1648-1695)

Décima que demuestra decoroso esfuerzo de la razón contra la vil tiranía de un amor violento

Sor Juana Inés de la Cruz

(1648-1695)

Sátira: arguye de inconsecuentes el gusto y la censura de los hombres que en las mujeres acusan lo que causan.

Anónimo (s. XVII)

Obra de falsas cromáticas

Sor María Jesús de Ágreda

(Soria, 1602-1665)

Relato de la pasión de Cristo de “Mística ciudad de Dios”

Diego de Torrijos (1653-1691)

Pangue lingua

Anónimo (s. XVII)

Jácaras

Sor Juana Inés de la Cruz

(1648-1695)

Dous sonetos burlescos

A *palabra oculta* achéganos a un mundo tan descoñecido como fascinante: o das monxas que desenvolveron o seu labor artístico entre as reixas dos diferentes conventos aos que pertenceron. Exceptuando os casos ben coñecidos de sor Juana Inés da Cruz e Santa Teresa de Jesús, o resto de obras destas mulleres son practicamente descoñecidas e accesibles desde hai moi poucos anos. Eran os conventos femininos importantes centros culturais ademais de relixiosos: atopámonos con monxas actrices, poetisas, ensaístas, pintoras, músicas etc. N'A *palabra oculta* poderemos gozar dos poemas de amor profano, burlescos, eróticos e claramente feministas de sor Juana Inés de la Cruz, os apaixonados e extasiados versos de santa Teresa de Jesús, a sensibilidade e amor á poesía que desprende a obra de sor Leonor de Ovando, e dúas auténticas rarezas: por unha banda a curiosa descrición de sor Gertrudis de san Ildefonso que nos fai de como bebe o sangue do costado de Cristo, e sobre todo, a violenta descrición que fai sor Maria Jesús de Ágreda (unha das mulleres máis fascinantes do barroco español, cuxos textos rozan a herexía e que foi xulgada polo tribunal da Inquisición) da paixón de Cristo, pasaxe no que se inspirou Mel Gibson para a súa polémica película *A paixón de Cristo*. Mención separada merece a curiosa descrición que fai a monxa mexicana Francisca de los Ángeles do seu anxo de garda; personaxe emblemático da cidade de Querétaro, esta monxa dicía ter o don da bilocación, era asaltada por constantes visións e dialogaba co neno Xesús. A parte musical, a solo de arpa ou acompañando os textos, procede de obras sacras e profanas dos s. XVI e XVII, incluíndo a primeira peza da historia da música española creada por unha muller: *Conditor alme* de sor Graza Baptista.

Manuel Vilas

Mónica de Nut cantante e actriz

Cantante de ópera, música antiga, jazz, música de raíz, música contemporánea e música experimental de vangarda, tamén exerce como actriz. Diplomada en pedagogía musical na Universidade de Vigo e licenciada na Escola Superior de Canto de Madrid, formouse tamén en canto tradicional na Universidade Popular de Vigo, jazz na Escola Estudio de Compostela e no S. P.J. de Pontevedra e música antiga coa clavecinista Chiao Pin Kuo e co contratenor Tu Schi Chiao. Canta en varias agrupacións e ten numerosas gravacións discográficas; presentou recentemente o seu primeiro disco autoproducido de jazz contemporáneo, Mónica de Nut trío, e o seu proxecto experimental de canto a capella e performance Voz soa en solitario. Ten participado en óperas e teatro musical como *Orfeo* e *Euridice* de Gluck, *Ponme dapi* de Offenbach, *Romeo* e *Xulieta* de Gounod e na *Ópera dos tres reis* de Brecht e Weill, en produción do Centro Dramático Galego.

Manuel Vilas, arpas antigas

Naceu en Santiago de Compostela. Estudou arpas antigas dos s. XII a XVIII en Madrid con Nuria Llopis e en Milán con Mara Galassi. Colaborou con numerosos grupos como Les Musiciens du Louvre, Al Ayre español..., e nos máis importantes festivais de Europa. Realizou concertos como solista de música barroca española, americana e italiana en Europa e América. Ten participado en máis de 50 discos con diferentes grupos e discográficas e en producións operísticas en París, Viena, Madrid, Xenebra, Múnic, e México. Foi o primeiro arpista en ofrecer un curso de arpa barroca española nos Estados Unidos e en Cuba. Unha da súa especialidades é ofrecer recitais con cantantes: acompañou a Marta Infante, Guillemette Laurens, Raquel Andueza, Isabel Monar, Juan Sancho, Roberta Invernizzi, Mercés Hernández, Marivi Blasco, Jose Antonio López, Isabel Álvarez, Yetzabel Arias, Monica Piccinini etc. Recentemente foi invitado a representar a España no VIN festival mundial de arpa na cidade de Asunción (Paraguai) sendo o primeiro arpista en ofrecer un recital de arpa de dúas ordes neste país.



La palabra oculta nos acerca a un mundo tan desconocido como fascinante: el de las monjas que desarrollaron su labor artística entre las rejas de los diferentes conventos a los que pertenecieron. Exceptuando los casos bien conocidos de sor Juana Inés de la Cruz y santa Teresa de Jesús, el resto de obras de estas mujeres son prácticamente desconocidas y accesibles desde hace muy pocos años. Eran los conventos femeninos importantes centros culturales además de religiosos: nos encontramos con monjas actrices, poetisas, ensayistas, pintoras, músicas, etc. En *La palabra oculta* podremos disfrutar de los poemas de amor profano, burlescos, eróticos y claramente feministas de sor Juana Inés de la Cruz, los apasionados y extasiados versos de santa Teresa de Jesús, la sensibilidad y amor a la poesía que desprende la obra de sor Leonor de Ovando, y dos auténticas rarezas: Por un lado la curiosa descripción de sor Gertrudis de San Ildefonso que nos hace de cómo bebe la sangre del costado de Cristo, y sobre todo, la violenta descripción que hace sor María Jesús de Ágreda (una de las mujeres más fascinantes del barroco español, cuyos textos rozan la herejía y que fue juzgada por el tribunal de la Inquisición) de *la pasión de Cristo*, pasaje en el que se inspiró Mel Gibson para su polémica película *La pasión de Cristo*. Mención aparte merece la curiosa descripción que hace la monja mexicana Francisca de los Ángeles de su ángel de la guarda; personaje emblemático de la ciudad de Querétaro, esta monja decía tener el don de la bilocación, era asaltada por constantes visiones y dialogaba con el niño Jesús. La parte musical, a solo de arpa o acompañando los textos, procede de obras sacras y profanas de los s. XVI y XVII, incluyendo la primera pieza de la historia de la música española creada por una mujer: *Conditor alme* de sor Gracia Baptista.

Manuel Vilas

Mónica de Nut cantante y actriz

Cantante de ópera, música antigua, jazz, música de raíz, música contemporánea y música experimental de vanguardia también ejerce como actriz. Diplomada en pedagogía musical en la Universidad de Vigo y licenciada en la Escuela Superior de Canto de Madrid, se formó también en canto tradicional en la Universidad Popular de Vigo, jazz en la Escuela Estudio de Compostela y en el S. P. J. de Pontevedra y música antigua con la clavecinista Chiao Pin Kuo y con el contratenor Tu Schi Chiao. Canta en varias agrupaciones y tiene numerosas grabaciones discográficas; acaba de presentar su primer disco autoproducido de jazz contemporáneo Mónica de Nut trío y su proyecto experimental de canto a capella y performance Voz Sola en solitario. Ha participado en óperas y teatro musical como *Orfeo* y *Euridice* de Gluck, *Me ponem dapi* de Offenbach, *Romeo* y *Julieta* de Gounod y en la *Ópera de los tres reales* de Brecht y Weill en producción del Centro Dramático Gallego.

Manuel Villas, arpas antiguas

Nació en Santiago de Compostela. Estudió arpas antiguas de los s. XII la XVIII en Madrid con Nuria Llopis y en Milán con Mara Galassi. Colaboró con numerosos grupos como Les Musiciens du Louvre, Al Ayre Español y en los más importantes festivales de Europa. Realizó conciertos como solista de música barroca española, americana e italiana en Europa y América. Tiene participado en más de 50 discos con diferentes grupos y discográficas y en producciones operísticas en París, Viena, Madrid, Ginebra, Munich, y México. Fue el primer arpista en ofrecer un curso de arpa barroca española en los Estados Unidos y en Cuba. Una de su especialidades es ofrecer recitales con cantantes: acompañó a Marta Infante, Guillemette Laurens, Raquel Andueza, Isabel Monar, Juan Sancho, Roberta Invernizzi, Mercedes Hernández, Marivi Blasco, Jose Antonio López, Isabel Álvarez, Yetzabel Arias, Monica Piccinini, etc. Recientemente fue invitado a representar a España en el VI festival mundial de arpa en la ciudad de Asunción (Paraguay) siendo el primer arpista en ofrecer un recital de arpa de dos órdenes en este país.

A group of approximately 12 people, including men and women, are posed in front of a building's entrance. They are dressed in formal, dark clothing, such as suits and gowns. The building behind them has a light-colored facade and a dark wooden door. The overall atmosphere is formal and elegant.

Igrexa das Ánimas
luns 25 marzo
19.30 h

Ecco l'alba luminosa
música espiritual
en Roma e Nápoles

ACCADEMIA DEL PIACERE

Fahmi Alqhai

director

e violino da gamba

Mariví Blasco

soprano

Rami Alqhai,

viola da gamba

Johanna Rose

viola da gamba

Javier Núñez

órgano

Marc'Antonio Ingegneri (1545-1592)

Poscia che troppo i miei peccati
indegni/Santa Madre del Ciel

Biagio Marini (ca.1597-1665)

Passacaglia

Domenico Mazzocchi (1592-1665)

Giunto alla Cuna

Domenico Mazzocchi (1592-1665)

Fin dal Monte Sion

Domenico Mazzocchi (1592-1665)

Aria Morale. Ecco l'Alba luminosa

Giovanni Maria Trabaci (1575-1647)

Toccata / Gagliarda/Canzona
francese

Tarquino Merula (1594/5-1665)

Canzonetta Spirituale sopra alla
nanna

Giacomo Fogliano (1468-1548)

Fahmi Alqhai (n.1976)

Diminución sobre o madrigal
Vergene Santa

Domenico Mazzocchi (1592-1665)

Amar a Deus por Deus

Domenico Mazzocchi (1592-1665)

Consideratione nella morte di
Christo

Giacomo Fogliano (1468-1548)

Vergene Santa

Ecco l'alba luminosa

la musica spirituale romana ca. 1600

Pese a que o seu carácter esencialmente conservador ancoraba o gusto da curia romana de inicios do seicento á estrita polifonía do *stile antico*, aínda debedora do canto gregoriano, os audaces manierismos traídos pola nova monodia acompañada e a súa claridade de dicción dos textos foron “pese á súa deshonesto orixe profano” un agasallo caído do ceo para as necesidades propagandísticas da Contrarreforma católica, nas que a música xogaba un papel fundamental. De modo paralelo ao que fixeran os pintores e os escultores “pensemos nas éxtases místicas de Bernini, que traballou, como Mazzocchi, para o cardeal Barberini, *ossia* o papa Urbano VIII”, os compositores do momento recreáronse na sensualidade das harmonías cromáticas e asociárona á poesía: se a *musica reservata* era apropiada para o madrigal e a monodia profana, igualmente o sería para adorar a máis amada das mulleres do orbe católico, a Virxe María, cuxo culto emerxente identificaba ao catolicismo fronte á herexía. O ambiente refinado da aristocracia cardinalicia romana “que décadas despois auspiciaría tamén as cantatas experimentais de Alessandro Scarlatti e do mozo Haendel” sería a contorna ideal para o desenvolvemento dun estilo tan exquisito como accesible para o oínte atento, e ata ás veces hipnótico, como na *nanna*; as inevitables conexións hispanas, sempre tan presentes nos cenáculos do núcleo do catolicismo romano, darían como froito “tamén anos despois, por certo, no caso de Haendel” algunhas raras pezas na nosa lingua, como *Amar a Deus por Deus*.

Juan Ramón Lara

Accademia del Piacere

É o grupo de referencia da nova xeración da música antiga española. Centrado desde a súa orixe no estudo e interpretación da música do Renacemento e do Barroco, ofrece un amplo abano de programas: desde a exuberante e pomposa música francesa da corte do Rei Sol, pasando pola música virtuosa da Italia de principios do s. XVII, ata a música profana e relixiosa española e andaluza do Renacemento e do Barroco. Combina a investigación musicolóxica e o rescate de música nunca interpretada coa gran capacidade técnica dos seus compoñentes, tanto cantantes como instrumentistas. Estes elementos, xunto á forte personalidade musical dos seus fundadores, dotan o grupo dunha inconfundible e poderosa identidade.

Fahmi Alqhai director

É considerado como un dos novos intérpretes de viola da gamba e de música antiga máis prestixiosos e brillantes da súa xeración. Nado en Sevilla en 1976, de pai sirio e nai palestina, pasou os seus primeiros once anos de vida en Siria onde comeza a súa formación musical. É requirido polas formacións camerísticas máis importantes da música antiga: Hesperion XXI e Il Suonar Parlante. Actuou ca ONE, OSG, Ensemble Vocal de Lausanne, Orquesta Barroca de Sevilla e Al Ayre Español, entre outras. Ofrece regularmente concertos en toda Europa, Xapón, EUA e Latinoamérica. Realizou numerosas gravacións para selos discográficos, televisións e radios. É cofundador do grupo Accademia del Piacere e do selo discográfico Alqhai & Alqhai. Desde 2009 é director artístico do Festival de Música Antiga de Sevilla.



Ecco l'alba luminosa

la musica spirituale romana ca. 1600

Pese a que su carácter esencialmente conservador anclaba el gusto de la curia romana de inicios del Seicento a la estricta polifonía del *stile antico*, aún deudora del canto gregoriano, los audaces manierismos traídos por la nueva monodia acompañada y su claridad de dicción de los textos fueron –pese a su deshonesto origen profano– un regalo caído del cielo para las necesidades propagandísticas de la Contrarreforma católica, en las que la música jugaba un papel fundamental. De modo paralelo a lo que hiciesen los pintores y los escultores –pensemos en los éxtasis místicos de Bernini, que trabajó, como Mazzocchi, para el cardenal Barberini, *ossia* el papa Urbano VIII–, los compositores del momento se recrearon en la sensualidad de las armonías cromáticas y las asociaron a la poesía: si la *musica reservata* era apropiada para el madrigal y la monodia profana, igualmente lo sería para adorar a la más amada de las mujeres del orbe católico, la Virgen María, cuyo culto emergente identificaba al catolicismo frente a la herejía. El ambiente refinado de la aristocracia cardenalesca romana –que décadas después auspiciaría también las cantatas experimentales de Alessandro Scarlatti y del joven Haendel– sería el entorno ideal para el desarrollo de un estilo tan exquisito como asequible para el oyente atento, e incluso a veces hipnótico, como en la *nanna*; las inevitables conexiones hispanas, siempre tan presentes en los cenáculos del núcleo del catolicismo romano, darían como fruto –también años después, por cierto, en el caso de Haendel– algunas raras piezas en nuestra lengua, como *Amar a Dios por Dios*.

Juan Ramón Lara

Accademia del Piacere

Es el grupo de referencia de la nueva generación de la música antigua española. Centrado desde su origen en el estudio e interpretación de la música del Renacimiento y del Barroco, ofrece un amplio abanico de programas: desde la exuberante y pomposa música francesa de la corte del Rey Sol, pasando por la música virtuosa de la Italia de principios del s. XVII, incluso la música profana y religiosa española y andaluza del Renacimiento y del Barroco. Combina la investigación musicológica y el rescate de música nunca interpretada con la gran capacidad técnica de sus componentes, tanto cantantes como instrumentistas. Estos elementos, junto a la fuerte personalidad musical de sus fundadores, dotan al grupo de una inconfundible y poderosa identidad.

Fahmi Alqhai director

Es considerado como uno de los nuevos intérpretes de viola de la gamba y de música antigua más prestigiosos y brillantes de su generación. Nacido en Sevilla en 1976, de padre sirio y madre palestina, pasó sus primeros once años de vida en Siria donde comienza su formación musical. Es requerido por las formaciones camerísticas más importantes de música antigua: Hesperion XXI e Il Suonar Parlante. Ha actuado con la ONE, OSG, Ensemble Vocal de Lausanne, Orquesta Barroca de Sevilla y Al Ayre Español, entre otras. Ofrece regularmente conciertos en toda Europa, Japón, EUA y Latinoamérica. Realizó numerosas grabaciones para sellos discográficos, televisiones y radios. Es cofundador del grupo Accademia del Piacere y del sello discográfico Alqhai. Desde 2009 es director artístico del Festival de Música Antigua de Sevilla.



Igrexa da Universidade
luns 25 de marzo
21.30 h



Chamber Symphony, os mestres das vangardas



**GRUPO DE CÁMARA DA
SINFÓNICA DE GALICIA:
GRUPO INSTRUMENTAL
SIGLO XX**

FLORIAN VLASHI

director

Lilia Chirilov

violín

Caroline Bournaud

violín

Raymond Arteaga

viola

Teresa Morales

violoncello

Todd Williamson

contrabaixo

Adrián Silva

frauta e piccolo

Casy Hill

óboe, óboe d'amore

e corno inglés

Iván Marín

clarinete

Pere Angera

clarinete baixo

Steve Harriswangler

fagot

Mary-Helen Harris

contrafagot

Manuel Moya

trompa

Aigi Hurn

trompeta

John Etterbeek

trombón

Wladimir Rosinskij

percusión

Vera Pavlova

piano

Ricardo Blanco

clave

Arnold Schoenberg (1874-1951)

Die eiseme Brigade
(A brigada do ferro)

György Ligeti (1923-2006)

Kammerkonzert

Corrente

Calmo sostenuto

Movimento preciso e mecânico

Presto

John Adams (1947)

Chamber Symphony

Mongrel airs

Aria with walking bass

Roadrunner

Die Eiseme Brigade (A brigada do ferro) para quinteto con piano de Arnold Schoenberg (1874-1951) data de 1916 e expónse como unha marcha de espírito desenfadado evocadora do cabaret e o music-hall que inclúe na parte central, a través de irreverentes toques militares, a ironía e a sátira presentes na traxectoria de Schoenberg. O compositor combina afectos contrapostos, segundo a tradición vienesa, que partindo dos claroscuros emocionais de Mozart e Schubert leva a ironía cara ao trágico de Mahler ou Berg.

As circunstancias políticas fixeron variar a proposta musical, inicialmente baseada en Bartók, de György Ligeti (1923-2006) guiándoo a unha busca constante que o leva a contactar coa vangarda occidental e experimentar coa música electrónica. A súa linguaxe evolucionou os conceptos de ritmo, timbre e polifonía (micropolifonía) para dar lugar ás ideas de masa e densidade, que el mesmo explica: "Eu case sempre asocio cores, formas e consistencia cos sons e viceversa, sensacións acústicas con formas, cores e propiedades materiais. Mesmo termos abstractos como cantidade, relación, coherencia e procedemento teñen o seu lugar nun espazo imaxinario". *Kammerkonzert* (Concerto de cámara) foi escrito na década dos 60 e estreouse o 1 de outubro de 1970 no Festival de Berlín baixo a dirección de Friedrich Cerha, dedicatario do terceiro movemento.

Composta para 15 instrumentos en 1992 por encargo da Fundación Gerbode de San Francisco, *The Chamber Symphony* (Sinfonía de Cámara) ten un sospeitoso parecido coa obra do mesmo nome opus 9 de Schoenberg, coa diferenza que John Adams (1947) engade á súa instrumentación sintetizador, percusión, trompeta e trombón. Os títulos do tres tempos dan idea do ambiente musical da partitura na que o compositor aglutina a *Sinfonía de Cámara* de Schoenberg cos sons dos debuxos animados dos anos 50 que vía o seu fillo Sam (a quen dedica a peza). De linguaxe lineal e cromática, é unha obra difícil de interpretar debido ás súas complicadas pasaxes e un tempo extremadamente rápido, de aí "o perverso encanto da obra" segundo o propio Adams.

Grupo Instrumental Siglo XX

Florian Vlashi director

Nado en 1996 pola iniciativa do violinista Florian Vlashi como homenaxe ao "Gran Século", a súa finalidade é interpretar as mellores obras de música de cámara desde o principio do s. XX ata os nosos días. Os seus membros son instrumentistas solistas da Sinfónica de Galicia. Proveñen de máis de dez países diferentes e todos eles contan cunha dilatada experiencia e labor profesional de altísimo nivel. O Grupo Instrumental Siglo XX estreou máis de 84 obras e ten no seu extenso repertorio máis de 160 obras de autores desde Stravinski, Falla ou R. Strauss ata Messiaen, Xenakis, Ligeti etc. Participou en diversos certames e festivais nacionais e internacionais como os da Coruña, Santiago, Salamanca, Bilbao, Madrid, Durres (Albania), Verona, Cosovo, etc., obtendo as mellores críticas e o fervoroso aplauso do público. Os seus concertos foron gravados por Radio Clásica Radio Nacional de España e transmitidos por TVE 2 e a Canle Internacional de TVE. O Grupo Instrumental Siglo XX está aberto a novos proxectos e espazos combinando a música nova coa poesía, teatro, danza, vídeos e artes plásticas. Ultimamente saíu ao mercado o seu compacto *Manuel Balboa*, obra completa para *conjunto instrumental* (Verso) e o dvd *O arame* (ópera nun acto de Juan Durán).



Die eiseme Brigade (La brigada del hierro) para quinteto con piano de Arnold Schoenberg (1874-1951) data de 1916 y se plantea como una marcha de espíritu desenfadado evocadora del cabaret y el music-hall que incluye en la parte central, a través de irreverentes toques militares, la ironía y la sátira presentes en la trayectoria de Schoenberg. El compositor combina afectos contrapuestos, según la tradición vienesa, que partiendo de los claroscuros emocionales de Mozart y Schubert lleva la ironía hacia lo trágico de Mahler o Berg.

Las circunstancias políticas hicieron variar la propuesta musical, inicialmente basada en Bartók, de György Ligeti (1923-2006) guiándolo a una búsqueda constante que le lleva a contactar con la vanguardia occidental y experimentar con la música electrónica. Su lenguaje evoluciona los conceptos de ritmo, timbre y polifonía (micropolifonía) para dar lugar a las ideas de masa y densidad, que el mismo explica: "Yo casi siempre asocio colores, formas y consistencia con los sonidos y viceversa, sensaciones acústicas con formas, colores y propiedades materiales. Incluso términos abstractos como cantidad, relación, coherencia y procedimiento tienen su lugar en un espacio imaginario". *Kammerkonzert* (Concierto de cámara) fue escrito en la década de los 60 y se estrenó el 1 de octubre de 1970 en el Festival de Berlín bajo la dirección de Friedrich Cerha, dedicatario del tercer movimiento.

Compuesta para 15 instrumentos en 1992 por encargo de la Fundación Gerbode de San Francisco, *The Chamber Symphony* (Sinfonía de Cámara) tiene un sospechoso parecido con la obra del mismo nombre opus 9 de Schoenberg, con la diferencia que John Adams (1947) añade a su instrumentación sintetizador, percusión, trompeta y trombón. Los títulos de los tres tiempos dan idea del ambiente musical de la partitura en la que el compositor aglutina la *Sinfonía de Cámara* de Schoenberg con los sonidos de los dibujos animados de los años 50 que veía su hijo Sam (a quien dedica la pieza). De lenguaje lineal y cromático, es una obra difícil de interpretar debido a sus complicados pasajes y un tempo extremadamente rápido, de ahí "el perverso encanto de la obra" según el propio Adams.

Grupo Instrumental Siglo XX Florian Vlashi director

